



**fotografía da rodaxe de Man with a Movie Camera, de Dziga Vertov**

### **3 poemas de Sylvia Plath**

Tradución de Estíbaliz...Espinosa

#### **/ PAPAÍÑO /**

Xa non, xa non  
xa non me colles, zapato negro  
no que vivín coma un pé  
durante trinta anos, branca e pobre  
sen respirar apenas ou facer achís.

Papaíño, tiven que matarte.  
Morriches antes de ter eu tempo...  
Pesado coma mármore, bolsa chea de Deus  
lívica estatua cunha deda gris  
grande como unha foca de San Francisco.

E unha cabeza no Atlántico extravagante

onde se derrama o verde legume sobre o azul  
nas augas do fermoso Nausset.  
Eu rezaba para recuperararte.  
*Ach, du.*

Na lingua alemá, na cidade polaca  
achanzada polo rodete  
de guerras e guerras e máis guerras.  
Pero o nome da cidade é corrente.  
A miña amiga polaca

di que hai máis dunha ducia delas.  
Así que nunca che souben ben onde  
fincaches o pé, as raíces  
nunca puideren dirixirme a ti.  
Trabábaseme a lingua no queixo.

Pegábaseme a unha garduñeira de arame de espiño.  
*Ich,ich,ich, ich*  
apenas falaba eu.  
Cría que calquera alemán eras ti.  
E o idioma obsceno

unha locomotora, unha locomotora  
que me desprezaba como a un xudeu.  
Xudeu cara á Dachau, Auschwitz, Belsen.  
Comecei a falar coma unha xudía.  
Ben podería ser xudía, penso eu.

As neves do Tirol, a cervexa rubia de Viena  
non che son moi puras ou auténticas.

Coa miña bisavoa xitana e esta estraña sorte  
e as cartas do Tarot, as cartas do Tarot  
podería ser algo xudía.

Sempre tiveren medo de ti,  
coa túa Luftwaffe, o teu blablá ampuloso  
o mostacho coidado  
e os teus ollos arios, dun brillante azul  
Home-Pánzer, home-Pánzer: oh, Tú...

Non Deus, senón una esvástica  
tan negra que non hai ceo que lle escape.  
Toda muller adora un fascista,  
a bota na cara, o bruto  
o brutal corazón dun bruto coma ti.

Estás de pé onda a pizarra, papaiño,  
nesa foto túa que teño,  
un ha coviña no queixo en vez de pés  
mais non menos diaño por iso, non tal  
non menos o home negro que

me partiu o corazón en dous dunha dentada.  
Tiña dez anos cando te enterraron.  
Aos vinte quixen morrer  
para volver, volver, volver a ti.  
Pensei que igual os ósos volverían.

Pero sacáronme do saco  
e pegáronme outra vez con pegamento.  
Daquela souben qué habería facer.  
Fixen un modelo de ti  
un home de negro con pinta de Meinkampf

e un devezo polo poldro e o garrote.  
E dixen, si, si, si quero.  
Así que por fin acabei, papaiño.  
O teléfono negro está desconectado de todo  
as voces non dan criado vermes en min.

Se matei un home, matei dous:  
o vampiro que dixo ser ti  
e chuchoume o sangue un ano enteiro,  
sete anos, por se che interesa.  
Papaiño, descansa que xa podes.

Hai unha estaca no teu corazón renegrado e graxento  
e aos veciños nunca lles caíches ben.  
Bailan e patexan encol de ti  
Souberon sempre que eras ti  
papaiño, papaiño cabrón, xa acabei.

**/ OLMO /**

A Ruth Fainlight

Coñezo o fondo, di el. Coñezoo pola raíz principal:  
é o que che dá medo.  
Eu non lle teño medo: xa estiven nel.

É o mar o que sentes en min,  
as súas insatisfaccións?  
Ou a voz da nada que era a túa loucura?

O amor éche una sombra.  
Mira que mentes e choras tras del.  
Escoita: son os seus cascos: marchou, coma un cabalo.

A noite toda galoparei así, arroutada,  
até que a cabeza túa volva pedra, a túa almofada pista de herba  
facendo eco, eco.

Ou queres que che traia o son dos velenos?  
Agora é a chuvia, ese grande bisbar.  
E velaquí o froito seu: branco estaño, como arsénico.

Padecín a atrocidade dos crepúsculos.  
Calcinado até a raíz  
os meus filamentos vermellos arden e fican, una manchea de aramios.

Agora esnaquizo en cachos a voaren coma garrotes.  
Un vento de tal violencia  
non che atura miróns: hei berrar.

Tamén a lúa é despiadada: azórrame  
con crueldade, erma como é.  
O seu resplandor desgárrame. Ou se cadra atrapeina.  
Déixoa que marche. Déixoa que marche  
plana e devalada, como logo dunha extirpación total.  
De que xeito me posúen e nutren eses pesadelos teus.

Un grito vive en min.  
Á noitiña bate as ás  
na procura, coas súas garras, de algo ao que amar.

Aterrorízame ese algo escuro  
que dorme en min;  
todo o día noto os seus brandos xiros cheos de plumas, o maligno que é.

As nubes pasan e espallan.  
Son eses os rostros do amor, eses pálidos irrecuperables?  
É por iso polo que o meu corazón tanto se axita?

Son incapaz de coñecer máis.  
Que é isto, esta cara  
tan criminal nas súas polas esganadas?...

O seu beixo ácido e viperino.  
Petrifica a vontade. Son estas as faltas illadas, as faltas lentas  
que matan e matan e matan.

**/ PAPOULAS EN OUTUBRO /**

Nin sequera as nubes solares poden permitirse esta mañá saias así.  
Nin a muller na ambulancia  
cuxo corazón vermello florécelle polo abrigo con tal abraio...

Un don, un don do amor  
en absoluto solicitado  
por un ceo

pálida e chameantemente  
a queimar os seus monóxidos de carbono, por ollos  
atoallados ata se deter baixo sombreiros de fungo.

Ai, meu Deus, que hei ser eu  
para que estas bocas serodias se abran a berros  
nun bosque de carazo, nun albor de centáureas?